

ACTA Nº 58 DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia (sesión virtual) de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunión de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/04/2020. O medio electrónico institucional a través do que ten lugar a sesión é Teams, e esta é gravada.

DATA: 25 de abril de 2025

HORA DE COMEZO: 12:30 h.

HORA DE REMATE: 14:00 h.

ASISTENTES:

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)
Brao Viña, Ana Mª (Responsable da Xestión do Centro)
Campos Magdaleno, María (PDI)
García Pedreira, Rocío (PDI)
Gómez Gómez, Carmen (PDI)
López Castro, Leticia (PDI)
López Rúa, Paula (PDI)
Romero Castro, María José (PDI)
Sarceda Gorgoso, María Carmen (PDI)
Souto Seijo, Alba María (PDI)
Santamaría Queiruga, Olaya (PDI)

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (Achégase acta).

2. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimento (curso 2023-24) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e aprobación, se procede (Achégase informe).
3. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimento (curso 2023-24) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, e aprobación, se procede (Achégase informe).
4. Análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao.
5. Aprobación, se procede, da actualización da Guía para o PDI de nova incorporación.
6. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade (Curso 2023-24).
7. Rolda aberta de intervencións.

Antes de dar comezo á revisión dos puntos da orde do día, a presidenta da comisión, Carmen Sarceda, explica que só se traen a esta comisión os autoinformes das titulacións de Grao, xa que os informes das titulacións de Masters se están a valorar na Área de Calidade da USC para a súa acreditación.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

A presidenta da Comisión, Carmen Sarceda, dá a palabra á secretaria do Centro, Virginia Aznar, quen indica que non houbo alegacións á acta da sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2024 (acta nº 57).

A presidenta somete a aprobación a acta. Apróbase por asentimento.

2. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimiento (curso 2023-24) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Infantil, e aprobación, se procede (Achégase informe).

A presidenta da comisión dá a palabra á coordinadora do Título de Graduado ou Graduada en Mestre/a de Educación Infantil, a profesora Alba M^a Souto, que fai un resumo do máis salientable do Informe de seguimento enviado para revisión da comisión. A coordinadora indica que os datos mantéñense en xeral en valores satisfactorios e similares aos do curso anterior, e detalla algúns datos e refexións a continuación:

- A nota media de acceso no curso 2023-2024 foi de 10,22 (ascendendo lixeiramente con respecto ao curso anterior no que fora de 10,07).
- A ratio de alumnado por docente continua a ser elevada, o que dificulta o óptimo desenvolvemento das actividades formativas. A media de alumnado por grupo de docencia interactiva no curso 2023-24 foi de 26,66. No caso das materias de formación básica e obrigatorias a media foi de 87,89, sendo de 38,53 para as materias optativas.

- A participación en programas de mobilidade, tanto do alumnado como do profesorado, continúa a ser “escasa”, aínda que, no caso do alumnado, apréciase un aumento dende o curso 2020-21.
- No que respecta ás tarefas de coordinación, cabe sinalar que estas son valoradas positivamente polo profesorado nas enquisas de satisfacción coa docencia impartida. No ítem relativo á coordinación entre as distintas materias obtense unha media de 3,99. Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, a coordinación dos docentes na organización do título obtivo unha media de 3,81 no curso 2023-24.
- Polo que se refire aos indicadores de resultados: a taxa de graduación sitúase no 89,11% no curso 2023-24; a duración media dos estudos en 4,11 anos (mantense con escasas variacións dende o curso 2014-15); e as taxas de éxito, rendemento e avaliación son superiores ao 90%.
- En canto á satisfacción dos grupos de interese e participación nas enquisas:
 - Satisfacción do alumnado coa titulación sufriu un lixeiro ascenso, sendo de 3,43 puntos no curso 2023-24 (aínda que a porcentaxe de participación mantense en niveis baixos). O ítem que obtivo a puntuación máis baixa fai referencia ao equilibrio nos contidos teóricos e prácticos (2,86). O ítem mellor valorado relaciónase coa valoración dos trámites de matriculación (3,93).
 - Satisfacción dos egresados coa titulación: 3,59.
 - Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 4,29 sobre 5. Todos os ítems valóranse de media cunha puntuación superior a 4 puntos de 5.
 - Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 4,22. A porcentaxe de participación ascendeu ata o 66,46%.
 - Satisfacción do profesorado coa titulación: no curso 2023-24, a satisfacción global sitúase en 3,94 sobre 5. Os aspectos mellor valorados son a atención prestada polo persoal de administración e servizos (4,58) e a utilidade do campus virtual (4,39). Os aspectos valorados con menor puntuación son a implicación do estudantado (3,53) e as aulas e o seu equipamento (malia que o valor ascende a 3,56). A participación nas enquisas incrementouse e foi do 45,24%.
 - Satisfacción do alumnado coas prácticas externas: continúa a ser elevada (4,29 puntos de media).
 - Satisfacción dos titores externos coas prácticas na Facultade de Formación de Profesorado no campus de Lugo (FFP-Lugo) foi de 4,43, non contando con datos este ano para a Facultade de Ciencias da Educación no campus de Santiago de Compostela (FCE-Santiago).
 - Satisfacción dos titores académicos coas prácticas: 4,64.
- No que respecta aos datos sobre o PDI: a porcentaxe de PDI funcionario sitúase no 17,13% de media e a de PDI doutor ascende lixeiramente e sitúase no 71,43%; a participación do PDI en cursos de formación foi do 38,98% na FFP-Lugo e do

37,35% na FCE-Santiago; e a satisfacción coa formación recibida continúa a ser alta (4,59 sobre 5).

- Os datos sobre o PTXAS (persoal técnico, de xestión e de administración e servizos), que son comúns a Primaria, indica:
 - A satisfacción do colectivo co traballo desenvolvido continúa a ser alto, acadando unha media de 4,67 puntos na FFP-Lugo e de 3,44 na FCE-Santiago. A participación na enquisa foi do 81,82% na FFP-Lugo e do 50% na FCE-Santiago.
 - No que respecta á participación en cursos de formación, os datos dos últimos cursos son en xeral satisfactorios. No curso 2023-24 esta porcentaxe acadou o 63,64% na FFP-Lugo e situouse no 42,11% na FCE-Santiago. A satisfacción do PAS coa formación tamén se mantén en bos niveis (7,98 de media intercampus sobre 10).

En canto ao plan de melloras, contemplábanse un total de 15 accións finalizadas (curso 23-24), 4 de Lugo, 7 de Santiago e 4 comúns; e 10 accións abertas (curso 24-25), 2 de Lugo, 3 de Santiago e 5 comúns. Detállanse a continuación as accións finalizadas:

En relación á AM-MI-01 (FFP-Lugo e FCE-Santiago), relacionada coa publicación do RD 822/2021, cómpre sinalar que no curso 2023-24 realizouse unha declaración de intencións para modificar o título (aprobada nos diferentes órganos e comisións) e o correspondente informe razoado, pero non se continuou coa tarefa ao terse paralizado o proceso. A acción reabrírase no seguinte curso 2024-25.

No que concirne á acción de mellora relativa á baixa participación do alumnado en programas de mobilidade (AM-MI-02; FFP-Lugo e FCE-Santiago) é preciso sinalar que a Responsable Académica de Mobilidade da FFP Lugo e na FCE-Santiago, xunto cos coordinadores dos títulos e os coordinadores de curso, informaron cumpridamente ao alumnado por medio do Campus Virtual sobre convocatorias de mobilidade, solucionando as dúbidas presentadas polo alumnado ou remitindo aos coordinadores de mobilidade correspondentes. As posibilidades de mobilidade publicitáronse tamén na xornada de acollida ao alumnado de nova incorporación, así como nunha sesión específica sobre programas de mobilidade impartida pola RAM do centro. Esta tarefa reabrírase no curso 24-25 para continuar o traballo nesta liña.

Con respecto á acción de mellora relativa aos recursos humanos dos centros (AM-MI-03, FFP-Lugo e FCE-Santiago) infórmase de que a acción foi executada e os dous centros levaron a cabo as tarefas que se atopaban dentro das súas capacidades.

No que respecta á acción AM-MI-04 (FFP-Lugo e FCE-Santiago), vinculada a favorecer a introdución de metodoloxías docentes innovadoras, cómpre sinalar que a acción foi executada. No caso da FFP-Lugo contactouse co PDI para animalo a implementar iniciativas e metodoloxías innovadoras, e solicitouse a súa colaboración para rexistrar esa información nunhas táboas dispoñibles nas aulas de coordinación de cada curso. Na FCE-Santiago, ademais, impulsouse a Convocatoria de proxectos de innovación educativa dirixida ao profesorado da Facultade de Ciencias da Educación da USC.

No que concirne á AM-MI-05 (FFP-Lugo), procedeuse á organización das I Jornadas Internacionais de Formación e Innovación Educativa na FFP (Forinnova Lite), que tiveron

lugar no mes de outubro de 2023 na Facultade de Formación do Profesorado. A resposta dos participantes foi moi positiva.

A acción AM-MI-06 (FFP-Lugo), relacionada coa baixa participación do alumnado nalgúns enquisas, foi executada, pero reabrirase no seguinte curso para continuar traballando na mesma liña.

En relación á AM-MI-07 (FFP-Lugo), vinculada á mellora da calidade da docencia, na FFP-Lugo administrouse unha enquisa dirixida ao PDI que imparte docencia nos Graos sobre as súas necesidades e demandas en materia de formación. A tarefa foi executada parcialmente, polo que reabrirase no curso 2024-25.

No que respecta á acción AM-MI-08 (FFP-Lugo), cursouse á Vicerreitoría correspondente a solicitude para cambio de modalidade de docencia interactiva -de seminario a laboratorio- para dúas materias da área de Didáctica da Expresión Plástica. A solicitude foi cursada e aprobada.

Tendo en conta a acción AM-MI-09 (FCE-Santiago), neste curso académico desenvóléronse diferentes accións relacionadas coa acollida e atención ao alumnado do Grao, dende a Xornada de Acollida ata a información das figuras de profesorado e alumnado titor.

A acción AM-MI-10 (FCE-Santiago), que partía do descoñecemento por parte do alumnado das diferentes bases de datos dispoñibles e do método de consulta na Biblioteca, desenvolveuse satisfactoriamente de xeito que se organizaron diferentes actividades formativas en colaboración coa biblioteca do centro.

En relación á acción AM-MI-11 (FCE-Santiago) podemos dicir que, aínda que se produciron avances coa elaboración do Protocolo de Prácticum, non se fixo efectiva a coordinación cos titores dos centros non universitarios debido a cambios constantes na propia coordinación, de forma que debemos seguir traballando nesta cuestión no vindeiro curso académico.

Para a acción AM-MI-12 (FCE-Santiago), relacionada coa necesidade de mellorar a implicación do alumnado en actividades curriculares, publicáronse os anuncios correspondentes para que todo o profesorado e estudantado tivese constancia das actividades do centro.

No relativo á acción AM-MI-13 (FCE-Santiago) a Coordinadora de 4º curso realizou unha sesión informativa sobre a importancia dos procesos de avaliación na implementación de melloras, tratando de implicar ao alumnado na realización das enquisas de satisfacción unha vez egresado.

Con respecto á acción AM-MI-14 (FCE-Santiago) realizouse a análise da situación dos horarios e, posteriormente, o Vicedecano correspondente presentou as evidencias de cara a tomar as medidas necesarias.

Na última das accións propostas, a AM-MI-15 (FCE-Santiago), o decanato fixo unha análise das infraestruturas de cara a realizar as obras necesarias.

Considerando as accións de mellora e as necesidades que derivan das mesmas, para o curso 2024-2025, ábreanse diferentes novas accións conxuntas (FFP-Lugo e FCE-Santiago) destinadas á análise da normativa da Universidade de Santiago de Compostela referente ás modificacións das memorias dos Graos; ao impulso da mobilidade do alumnado; a fomentar actividades de innovación; a analizar as necesidades formativas do PDI da

titulación para ofrecer actividades que respondan a esas necesidades; e unha última acción relativa á acreditación da competencia dixital.

Así mesmo, na FFP-Lugo tamén se porán en marcha iniciativas relacionadas coa participación do alumnado nas enquisas de satisfacción; e tamén se realizarán diferentes tarefas para a mellora do Prácticum.

As accións de mellora para o curso 2024-2025 na FCE-Santiago van na liña de mellorar a comunicación entre os titores e os supervisores do Practicum; mellorar e potenciar a implicación do alumnado en actividades extracurriculares; e incrementar as taxas de participación en enquisas de avaliación de todos os colectivos.

Para rematar, agradece a axuda das profesoras Paula López e María Campos para a elaboración deste Autoinforme.

A presidenta da comisión, valora os bos datos da titulación, indica que se vai polo bo camiño, aínda que nalgúns aspectos hai marxe de mellora.

A presidenta da comisión somete a aprobación este Informe de seguimento (curso 2023-24) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre/a de Educación Infantil. Apróbase por asentimento.

3. Análise e reflexión sobre o Informe de seguimento (curso 2023-24) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre de Educación Primaria, e aprobación, se procede (Achégase informe).

A presidenta da comisión, Carmen Sarceda, dá a palabra á coordinadora da Titulación de Graduado ou Graduada en Mestre/a de Educación Primaria, a profesora María Campos, que solicita permiso da presidenta da comisión para facer mención tanto ao informe de Primaria como ao do Dobre Grao (DG), xa que o Autoinforme é conxunto e moitos datos están repetidos

A presidenta da comisión está de acordo en tratar os puntos 3 e 4 da orde do día conxuntamente.

A coordinadora, María Campos, indica que os datos mantéñense en xeral en valores satisfactorios e similares aos do curso anterior, tanto para Primaria como para o Dobre Grao (DG), e fai un resumo dos máis representativos deste Autoinforme e algunhas reflexións relacionadas con eles, que se detallan a continuación:

- Para Primaria, a nota media de acceso no curso 2023-24 foi de 10,46 en Lugo, e de media 11,19 a nivel intercampus (11,68 en Santiago), o que supón a nota máis alta dos últimos cursos despois dunha crecente subida dende o 2018. No caso do DG, a nota media continúa elevada motivada pola limitación de prazas, atopándose en 12,5 para ambos campus.
- En Primaria, a ratio de alumnado por docente continua a ser elevada, o que dificulta o óptimo desenvolvemento das actividades formativas. A media de alumnado por grupo de docencia interactiva no curso 23-24 foi de 25,11, e no caso das materias de formación básica e obrigatorias a media de alumnado foi de 78,62, o que supón valores similares a cursos pasados, pero observando a

tendencia a un aumento progresivo. A media de alumnado por grupo de teoría en materias optativas é de 35,45, onde se observa un descenso de 5 puntos en relación a cursos pasados.

- A participación en programas de mobilidade do alumnado continúa a ser “escasa”, resultando un total de 1 persoa de SICUE e 10 de ERASMUS en Primaria; e 1 ERASMUS e 1 SICUE en DG. Non houbo mobilidade entrante no 23-24 para Primaria, pero si un estudante de SICUE entrante do DG.
- No que respecta ás tarefas de coordinación, cabe sinalar que estas son valoradas positivamente polo profesorado nas enquisas de satisfacción coa docencia impartida. No ítem relativo á coordinación entre as distintas materias obtense unha media de 4,31 sobre 5 nos dous campus. Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, a coordinación dos docentes na organización do título obtivo unha media de 3,993 sobre 5 no curso 23-24, mantendo a liña de cursos anteriores.
- En relación aos indicadores de resultados: a taxa de graduación foi 82,26% en Primaria, mostrando un lixeiro aumento en relación ao curso pasado; a duración media dos estudos foi 4,24 anos (mantense con escasas variacións dende o curso 18-19); e as taxas de éxito, rendemento e avaliación son superiores ao 92%, en liñas similares a cursos pasados.
- En canto á satisfacción dos grupos de interese e participación nas enquisas:
 - Satisfacción do profesorado coa titulación: 3,93 sobre 5.
 - Satisfacción do alumnado coa titulación: 3,45 sobre 5, a cifra máis alta na serie histórica contemplada.
 - Satisfacción do alumnado coa docencia recibida: 4,12 sobre 5 en Primaria e 4,07 en DG, en liña con cursos anteriores.
 - Satisfacción do profesorado coa docencia impartida: 4,31 sobre 5, o segundo dato máis alto.
 - Satisfacción do alumnado coas prácticas externas: 4,25 puntos de media Intercampus (4,23 na FFP), o segundo valor máis alto da serie histórica de Primaria; e de 4,22 para o DG intercentros, 4,57 na nosa Facultade FFP.
 - Satisfacción dos titores e titoras profesionais coas prácticas: valoración xeral de 4,36 Intercampus.
- En canto aos datos sobre o PDI: a porcentaxe de PDI funcionario en Lugo sitúase no 16,67% de media e de PDI doutor sobre o PDI total é de 61,67 % intercampus, similar ao curso pasado; e a participación do PDI en cursos de formación foi do 38,71%
- Con respecto a datos sobre o PAS, son comúns a ambas titulacións: no documento vólvese a insistir na necesidade dun segundo conserxe de tarde para a FFP; a satisfacción do PAS con respecto das tarefas que desenvolve é de 4,04 sobre 5; e a porcentaxe de participación do PAS nos plans de formación é do 63,64%.

En canto ao plan de melloras, contemplábanse un total de 12 accións finalizadas (curso 23-24): 3 específicas de Lugo, 4 de Santiago e 5 comúns. Detállanse a continuación as accións conxuntas das facultades dos dous campus:

- AM-MP-01 e 02 están relacionadas coa necesidade de actualizar os Graos aos novos requermientos normativos. As accións executáronse parcialmente e aprobáronse as declaracións de intencións para realizar modificacións no título, pero o proceso queda paralizado condicionado a un cambio na orde ministerial disposta polo goberno.
- AM-MP-03 relaciónase coas medidas para diminuír a ratio profesorado-alumnado, evitar a dispersión do profesorado en diferentes centros, e procurar a estabilización e funcionarización do persoal docente. A acción foi executada poñendo en marcha as tarefas que cada centro tiña dentro das súas capacidades, se ben a xestión de recursos humanos non é competencia directa dos centros.
- AM-MP-04 ten que ver con favorecer a participación do profesorado en proxectos de innovación educativa e Aprendizaxe Servizo (ApS). Na FFP puxéronse a disposición do profesorado as táboas ApS, transversais, etc. Para rexistrar as elaboradas ao longo do curso.
- AM-MP-05 está relacionada con incentivar ao alumnado para participar nos programas de mobilidade. Na FFP debateuse a posibilidade de financiar axudas económicas.

E as accións específicas da FFP-Lugo:

- AM-MP-06 relacionada con fomentar o traballo docente con metodoloxías innovadoras, para o que se puxo en marcha o Forinnova Lite. A acción péchase resultando eficaz.
- AM-MP-07 ten que ver con poñer en marcha accións que fomenten a participación do alumnado en enquisas de satisfacción. Os resultados foron positivos, obtendo o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC na súa V convocatoria.
- AM-MP-08 ten que ver con analizar as necesidades formativas do PDI para crear un itinerario específico. Iníciase parcialmente, quedando adiado para o curso 24/25.

Con respecto ás accións abertas (curso 24-25), especifica que se abren accións de mellora conxuntas para (1) axustar a memoria de verificación do título á oferta efectiva das mencións, (2) actualizar os Graos aos novos requirimentos normativos, (3) mellorar os recursos dos centros, (4) favorecer metodoloxías docentes innovadoras, (5) fomentar a participación do alumnado en programas de mobilidade e (6) certificar a súa competencia dixital. Especificamente dende a nosa Facultade de Formación de Profesorado impulsaranse accións relativas a (1) fomentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, (2) continuar co itinerario formativo propio do PDI, e (3) mellorar as materias de Prácticum en base ás necesidades detectadas nas enquisas de satisfacción. Por último, a coordinadora, María Campos, tamén agradece a axuda prestada polas profesoras Paula López e Alba M^a Souto.

A presidenta da comisión, Carmen Sarceda, ao igual que na titulación de Infantil, celebra os bos datos e sinala que os títulos avanzaron moito nestes últimos anos, que se levaron a cabo moitas iniciativas e accións de mellora que contribuíron a dotar dunha maior coherencia e camiño común a ambos títulos, que se pode facer extensible tamén ás titulacións de mestrado, tendo polo tanto repercusións positivas no conxunto de titulacións da FFP.

A profesora Paula López, Responsable Académica de Mobilidade da FFP, indica que temos un obxectivo estratéxico na memoria de calidade que é aumentar a mobilidade. Para elo, faise publicidade, sesións informativas explicando todos os programas, respondendo a consultas do alumnado, etc. Indica que os avaliadores externos sempre sinalan que é un problema a mellorar, porque os datos son baixos, pero cree que xa non se pode considerar un problema porque se cobren as prazas de mobilidade co alumnado que quere e pode ir. As prazas de ERASMUS, sobre todo as de inglés, cóbrense sempre e aumentaron en máis dun 50%, así que non sabe se, cando se renove o plan estratéxico en 2026, será pertinente continuar con esta acción de mellora de aumentar a mobilidade se os datos seguen a ser bos.

A presidenta da comisión somete a aprobación este Informe de seguimiento (curso 2023-24) do Título de Graduado ou Graduada en Mestre/a de Educación Primaria. Apróbase por asentimento.

4. Análise e reflexión sobre o desenvolvemento do Dobre Grao.

Tratado no punto anterior.

5. Aprobación, se procede, da actualización da Guía para o PDI de nova incorporación.

A presidenta da comisión, Carmen Sarceda, cede a palabra á vicedecana Paula López, quen sinala as modificacións e actualizacións feitas á edición anterior, e indica que se colgará nas aulas de coordinación dos títulos, e se avisará ao profesorado. Tamén sinala que esta proposta foi recoñecida e premiada na VI Convocatoria (2024) para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC. Os membros da comisión revisan estas actualizacións e valoran a posibilidade de publicala na intranet da FFP.

A presidenta da comisión somete a aprobación a actualización da Guía para o PDI de nova incorporación. Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da Memoria de Calidade (Curso 2023-24).

A presidenta da comisión, Carmen Sarceda, cede a palabra á vicedecana Paula López, quen, en primeiro lugar, agradece a María José Romero, coordinadora de calidade da FFP, a súa axuda.

A continuación, os membros da comisión analizan as accións de mellora indicadas nesta Memoria de Calidade, a través do cadro de seguimento do Plan Estratéxico de Centro, revisando as porcentaxes de cumprimento. Das 25 accións recollidas neste Plan Estratéxico, acádanse todas as metas establecidas para 21 delas, é dicir, están executadas ao 100% no curso 23-24. Quedan catro por cumprir esta porcentaxe, que están relacionadas con: axustar as memorias á normativa vixente (condicionada ás normas ECI), conseguido nun 10%; a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, conseguida nun 70%; o incremento dun posto en conserxería na quenda de tarde, solicitado en varias ocasións, 0%; solicitar, ao servizo correspondente da USC, que se permita gravar no POD as horas de Practicum, TFG e TFM no prazo ordinario de gravación do resto de materias, 0%.

En liñas xerais, a profesora Paula López indica que todo progresa adecuadamente.

A presidenta da comisión, somete a aprobación da Memoria de Calidade (Curso 2023-24). Apróbase por asentimento.

7. Rolda aberta de intervención.

A presidenta da comisión quere agradecer todo o traballo feito por parte da responsable de calidade como de todas as coordinacións de calidade, dos graos e dos mestrados.

A vicedecana, Paula López, aproveita para solicitar información sobre diferentes accións nos mestrados, e sobre a sesión adiada cos sindicatos sobre as oposicións. Carmen Sarceda indica que está pendente esa sesión e discute cos membros da comisión a mellor data para realizar esta sesión informativa sobre unha futura oportunidade laboral para o alumnado. A profesora Olaya Santamaría indica que, do 15 ao 26 de maio, se vai a celebrar o curso sobre Primeiros Auxilios Pediátricos, e podíanse aproveitar estas datas, xusto despois de rematar o Prácticum o alumnado de 4º curso dos Graos.

A profesora Carmen Gómez sinala que hai problemas de disciplina en 2º Infantil. Discútese as opcións que ten o profesorado segundo a normativa nestas situacións.

Sen mais intervencións a presidenta da comisión agradece a presenza de todos os membros e da por rematada a sesión, da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Vº e Prace da Presidenta

Asdo: Virginia Aznar Cuadrado

Asdo: M. Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/07/2025 17:21:45.

Asinante/Firmante/Signer: VIRGINIA AZNAR CUADRADO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/07/2025 13:04:01.

CSV: 78BE-DA11-4BA3-AC21